



María Sieira Ríos, secretaria do tribunal avaliador do proceso selectivo para cubrir en propiedade unha praza de OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES en desenvolvemento da OEP do ano 2021 (Expte. 2024 PSEL000002),

**CERTIFICA:** Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 12:00 horas do día 04/12/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na "**ACTA NÚMERO 2.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS ÁS PUNTUACIÓNS DA FASE DE CONCURSO. REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.**"

(..) O obxecto da constitución do Tribunal Avaliador é, en primeiro lugar, a resolución das reclamacións presentadas por algúns dos/as aspirantes deste proceso selectivo ás puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos e, en segundo lugar, a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

**En relación ás reclamacións ás puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos, constan presentadas as seguintes reclamacións:**

**1ª.-** Escrito presentado por **Gerardo Garitaonandía Expósito** con DNI número \*\*\*3621\*\*, rexistrado de entrada na data 25/11/2024 co número 28772, no que solicita a revisión da puntuación obtida na fase de concurso de méritos, en concreto no apartado de cursos de formación e perfeccionamento, ó entender que lle corresponde a puntuación máxima neste apartado (3 puntos) segundo o referido nas bases da convocatoria.

**2ª.-** Escrito presentado por **Miguel Ángel Cebreiro García**, con DNI número \*\*\*5829\*\*, rexistrado de entrada na data 02/12/2024 co número 202400029378, no que expón o seu desacordo coa puntuación obtida nos dous apartados (experiencia profesional e cursos de formación e perfeccionamento) da fase de concurso de méritos, polo que solicita unha nova puntuación da documentación presentada.

**Estudadas as referidas reclamacións polo Tribunal Avaliador, e revisados os méritos acreditados en tempo e forma polos citados aspirantes, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:**

**PRIMEIRO.-** Estimar a reclamación presentada por Gerardo Garitaonandía Expósito polos seguintes motivos:

- A base 8.1.1. apartado b) das que rexen este proceso selectivo, dispón o seguinte: Cursos a valorar: Valorarase a realización, participación, asistencia e aproveitamento, como alumno/a, de cursos de formación e/ou perfeccionamento impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais, por unha institución sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público e sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta. Estarán incluídas, en todo caso, todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas.





CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

**Igualmente valorarase dentro da formación continua os cursos realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua cuxo contido estea relacionado coas funcións e tarefas propias da praza obxecto da convocatoria aínda que fosen expedidos por entidades privadas.**

**No caso de que non se especifiquen o número de horas de duración, ou no caso de cursos de duración inferior a 5 horas, non se concederá puntuación algunha.** Tampouco se puntuarán os certificados de asistencia a congresos, charlas, xornadas ou similar estean ou non relacionados co posto de traballo.

Así mesmo, valoraranse os cursos considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega (a excepción dos títulos acreditativos do coñecemento da lingua galega esixidos como requisito para a participación no proceso selectivo do posto ó que se opta), os relacionados coa saúde laboral e prevención de riscos laborais, cos dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos, co procedemento administrativo común, coa transparencia, coa igualdade e violencia de xénero, a protección de datos, a atención ao cidadán e habilidades comunicativas e sociais, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral, os idiomas (agás o coñecemento da lingua galega ao tratarse dun requisito non dun mérito) e os de contido ofimática e informática.

- Por cursos de duración comprendida entre 5 e 20 horas: 0,20 puntos.
  - Por cursos de duración comprendida entre 21 e 40 horas: 0,40 puntos.
  - Por cursos de duración comprendida entre 41 e 60 horas: 0,60 puntos.
  - Por cursos de duración comprendida entre 61 e 100 horas: 0,80 puntos.
  - Por cursos de máis de 100 horas: 1 punto.
- **Forma de acreditación:** Realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido polo organismo correspondente.
  - **Puntuación máxima por este apartado:** 3 puntos."

O Sr. Garitaonandía Expósito presentou en tempo e forma os seguintes cursos de formación:

- "Curso de Soporte Vital Básico e DESA", impartido pola Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, de 5 horas de duración.
- "Curso PRL de traballos en altura", impartido por Cualtis, de 10 horas de duración.
- "Curso PRL para operadores de vehículos e maquinaria de movemento de terras. Parte específica", impartido pola Fundación Laboral da Construción e CCOO, de 6 horas de duración.
- "Curso de prevención de riscos laborais para traballos de demolición e rehabilitación", impartido por CCOO, de 20 horas de duración.
- "Curso de Prevención de Riscos Laborais", impartido por CCOO, de 60 horas de duración.
- "Curso de Carretillero", impartido por CCOO, de 32 horas de duración.
- "Curso PRL específicos para persoal de obras e servizos", impartido por Mugatra, de 2,25 horas de duración.
- "Curso Mantemento de Electricidade", impartido por CCOO, de 40 horas de duración.
- "Curso Operador de Grúa Torre", impartido por Fundación Laboral da Construción e CCOO, de 75 de duración.
- "Curso de Metodoloxía Didáctica", impartido polo Concello de Boiro, de 150 horas de duración.



**FIRMANTE - FECHA**

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 09/12/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 14:53:25

EXPEDIENTE ::  
2024PSEL000002

Fecha: 23/01/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- “Curso de Especialidade de cantería”, impartido polo Ministerio de Trabajo, de 1.920 horas de duración.
- “Curso de Cantería”, impartido polo Ministerio de Trabajo, sen que consten as horas de duración.

De todos estes cursos presentados polo opositor, o **Tribunal Avaliador acordou a NON valoración dos cursos referidos a continuación**, polos seguintes motivos:

- “Curso de Soporte Vital Básico e DESA”: non valorado por estar impartido por unha entidade privada sen que conste a colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de dereito público, nin que conste que foi impartido ao amparo da formación para o emprego ou os acordos de formación continua, tal e como se esixe na base 8.1.1. da convocatoria, ademais de non ter relación co posto obxecto da convocatoria.
- “Curso PRL de Traballos en Altura”: non valorado por estar impartido por unha entidade privada sen que conste a colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de dereito público, nin que conste que foi impartido ao amparo da formación para o emprego ou os acordos de formación continua, tal e como se esixe na base 8.1.1. da convocatoria.
- “Curso PRL específicos para persoal de obras e servizos”: non valorado por estar impartido por unha entidade privada sen que conste a colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de dereito público, nin que conste que foi impartido ao amparo da formación para o emprego ou os acordos de formación continua, tal e como se esixe na base 8.1.1. da convocatoria, ademais de ter unha duración inferior a 5 horas.
- “Curso Operador de Grúa Torre”: non valorado por estar impartido por unha entidade privada sen que conste a colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de dereito público, nin que conste que foi impartido ao amparo da formación para o emprego ou os acordos de formación continua, tal e como se esixe na base 8.1.1. da convocatoria.
- “Curso de Metodoloxía Didáctica”: non valorado por non ter relación co posto obxecto da convocatoria.
- “Curso de Cantería”: Non aparecen as horas de duración de curso, ademais enténdense que forma parte do curso realizado de especialidade de cantería que xa está valorado.

Polo contrario, o **Tribunal Avaliador acordou a valoración dos cursos referidos a continuación**:

- “Curso PRL para operadores de vehículos e maquinaria de movemento de terras. Parte específica”: 0,20 puntos.
- “Curso de prevención de riscos laborais para traballos de demolición e rehabilitación”: 0,20 puntos.
- “Curso de Prevención de riscos laborais”: 0,60 puntos.
- “Curso de carretilleiro”: 0,40 puntos.
- “Curso de Mantemento de electricidade”: 0,40 puntos.



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 09/12/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 14:53:25

EXPEDIENTE ::  
2024PSEL000002

Fecha: 23/01/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

- “Curso de especialidade de cantería”: 1 punto.
- Total: 2,80 puntos.

**Apreciase, sen embargo, por este Tribunal, a existencia dun erro en relación ó curso denominado “Curso Operador de Grúa Torre”, pois non só está impartido pola Fundación Laboral da Construción, senón tamén pola institución sindical de CCOO, polo que non existiría motivo para a súa non valoración. Tendo en conta que o curso ten unha duración de 75 horas, corresponderíalle un total de 0,80 puntos, que sumados ós 2,80 outorgados, farían un total de 3,60 puntos, que se reducirían a 3 puntos ó ser a puntuación máxima que as bases da convocatoria outorgan no apartado de cursos de formación.**

**SEGUNDO.- Non admitir a trámite a reclamación presentada por Miguel Ángel Cebreiro García por estar presentada fóra do prazo outorgado para a presentación de reclamacións. Así, en atención ás bases da convocatoria, o prazo de reclamacións é de cinco (5) días hábiles, a contar a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). O anuncio en cuestión, foi publicado na sede electrónica do taboleiro de anuncios o día 22/11/2024, polo que o prazo para a presentación de reclamacións ía desde o día 25 ata o día 29 de novembro, como xa se indicaba no propio texto do anuncio, constando que, segundo os datos do asento rexistral de entrada do Rexistro de Entrada do Concello de Ribeira, a reclamación interposta polo Sr. Cebreiro García foi presentada o día 02/12/2024.**

**TERCEIRO.- Rectificar a puntuación outorgada ó aspirante Gerardo Garitaonandía Expósito no apartado de “Cursos de formación e perfeccionamento”, pasando de 2,80 a 3 puntos, que sumados ós 7 puntos outorgados no apartado de experiencia profesional fan un total de 10 puntos pola fase de concurso de méritos.**

**CUARTO.- Que se publique no taboleiro de anuncios (sede electrónica), e, de ser posible, na súa páxina web oficial ([www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)) a resolución das reclamacións presentadas.**

(...) A continuación, o Tribunal trasládase ó Centro Cultural Lustres Rivas, onde están convocados/as os/as aspirantes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

(...) Rematada a realización do exercicio ás 13:55 horas, procédese á súa corrección por parte do Tribunal.

De seguido, rematada a corrección, o tribunal avaliador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

**PRIMEIRO.- Outorgar ós/ás aspirantes definitivamente admitidos/as e presentados/as a este proceso selectivo a puntuación que se indica polo primeiro exercicio da fase de oposición:**

Nº	Apellidos e nome	DNI	Puntuación
1	Callón Torres Francisco	***3004**	Non presentado
2	Carracedo Rama Marcos	***2293**	9





CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

3	Cebreiro García Miguel Ángel	***5829**	14,4
4	Cernadas Vilela Alberto José	***3336**	Non presentado
5	Domínguez Senande Eduardo	***2058**	Non presentado
6	Fernández Álvarez Manuel	***5942**	Non presentado
7	Fernández Lestayo José Manuel	***3191**	Non presentado
8	Fernández Queiruga Pablo	***3998**	12
9	Garitaonandía Expósito Gerardo	***3621**	9,6
10	Lameiro Bea Juan Borja	***3084**	Non presentado
11	Laranga Nieto Martín	***9592**	17,4
12	Miniño Santos Javier	***9524**	12,6
13	Paz Boo Eduardo Manuel	***6689**	Non presentado
14	Rey Vázquez Jesús Manuel	***7869**	10,8
15	Sampedro Calo Óscar Manuel	***3470**	10,8
16	Somoza Dieste Joaquín	***7755**	9,6
17	Villar Maceiras Cristina	***5161**	10,2

**SEGUNDO.-** Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial ([www.ribeira.es](http://www.ribeira.es)) o resultado da cualificación do primeiro exercicio da fase de oposición do xeito que se detalla no cadro anterior.

**TERCEIRO.-** De conformidade coa Base 8.1.3 das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración do primeiro exercicio da fase de oposición os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal avaliador.

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico [maria.sieira.rios@ribeira.gal](mailto:maria.sieira.rios@ribeira.gal), a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

**CUARTO.-** Convocar ós/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo para que o **día 19 de decembro do 2024, ás 10:00 horas** se presenten no **Centro Cultural Lustres Rivas**, sito na Rúa Manuel Lustres Rivas, nº 20, 2º andar, para a realización do segundo exercicio da fase de oposición (realización dun ou varios supostos prácticos), de conformidade coa Base 8.1.2 das que rexen este proceso selectivo.

Os/as aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

**QUINTO.-** De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir





CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

*E para que conste, expido a presente certificación por orde do/a Presidente do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.*

6



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016218D00H707B8R1X2C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 09/12/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 14:53:25

EXPEDIENTE ::  
2024PSEL000002

Fecha: 23/01/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO  
GENERAL

CSV: 07E80016218D00H707B8R1X2C8

